

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Campo Lameiro, recordándolle que o dereito ao acceso á información por parte dos concelleiros e concelleiras forma parte do dereito consagrado no artigo 23 da Constitución Española e só pode ser limitado cando se demostre un abuso por parte dos cargos electos ou a vontade manifesta de paralizar ou entorpecer a labor administrativa do concello.

Suxestión ao Concello de Campo Lameiro, para que atenda á solicitude do concelleiro e a concelleira reclamantes no sentido de facilitar o acceso aos expedientes municipais nun horario compatible co horario laboral de ditos concelleiros sen entorpecer as tarefas administrativas municipais

Expediente: N.9.Q/432/23

Relacionado con N.9.Q/9455/21

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2023.

Sr. alcalde

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX, concelleira do grupo municipal XXX de Campo Lameiro, motivo que deu lugar ao expediente N.9.Q/9455/21.

Como conclusión da correspondente investigación e en aplicación do disposto no art. 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, pola nosa banda formulamos a ese concello a seguinte RECOMENDACIÓN:

*“Que por parte do concello se leven a cabo as actuacións necesarias a fin de habilitar un horario no que, tendo en conta tódolos factores implicados, e non só o de auto organización do concello, os membros da corporación poidan ter acceso á información precisa para o desenvolvemento das funcións como concelleiros.”*

Dando cumprimento á obriga establecida no art. 32.2 da citada Lei, o concello respondeu á resolución que se lle fixo chegar, procedendo á aceptación da mesma .

Con data 28 de xaneiro de 2023, recíbese nesta institución, escrito presentado por XXX e XXX, en calidade de concelleiros do grupo municipal XXX de Campo Lameiro, escrito que deu lugar á apertura do presente expediente.

No seu escrito, esencialmente ponse de manifesto que:

*O Concello de Campo Lameiro:*

- *Non é flexible coa xornada laboral dos Concelleiros limitando o seu dereito de exercer o seu traballo de fiscalización como cargos públicos que son desde o 2019.*
- *A reiterada falta de resposta aos escritos presentados por este grupo municipal que a día de hoxe seguen sen contestar case un ano despois en referencia ao cambio de día de consulta por incompatibilidade coa xornada laboral.*
- *Tampouco ten en consideración nin valoración as conclusións da Valedora do Pobo e fai caso omiso das súas recomendacións en canto a que debe facilitarnos cambiar de data de consulta por incompatibilidade da xornada laboral*

*Dende agosto de 2020 levábamnos sen poder acceder a consultar documentación polas trabas que o goberno municipal insiste en poñerlle a este grupo municipal. Por ese motivo a mediados de 2022 a Concelleira XXX tivo que modificar a súa xornada laboral para poder exercer o cargo de representante público cando non ten ningún tipo de remuneración para ela. Non foi o caso do concelleiro XXX a quen segue sendo imposible asistir os luns de 9 a 10h e ten o mesmo dereito a poder consultar información nun horario compatible coa súa xornada laboral e solicitan*

*Que se lle permita cambiar a XXX a data de consulta da información dos luns aos venres por ser esta data compatible coa xornada laboral do Concelleiro de XXX..*

Ante iso requirimos informe dese concello que nolo remitiu co seguinte contido:

*"1. Respecto á flexibilidade do dereito de acceso coa xornada laboral dos/as concelleiros/as, e a suposta falta de resposta deste Concello:*

*1.1. O dereito se debe modular de acordo coas posibilidades de funcionamento normal do Concello, xa que o dereito ao exame de documentación e obtención de copias non pode nin debe obstaculizar a propia actividade da Administración.*

*1.2. Dada a amplitude da documentación a consultar, foi preciso establecer día, lugar e horario de consulta, establecendo o día no que menos se obstaculice a actividade propia desta Administración. Téñase en conta que esta administración conta con medios persoais moi reducidos, e que teñen que estar dispoñibles para tódalas tarefas e funcións que son necesarias.*

*1.3 Pola concelleira do Grupo XXX se asiste tódolos luns a partires das 9 da mañá ás oficinas do Concello para examinar a documentación que solicita. A pesares de dispoñer dunha hora para exame da mesma, este tempo ven sendo rebasado, sen opoñer ningún tipo de obstáculo por parte do Concello a dispoñer de mais tempo.*

*1.4 Os/as concelleiros/as que formularon a queixa ante esa Institución pertencen ó mesmo grupo municipal. Quere dicirse que si a petición de información que se presenta ante este Concello ven asinada por calquera dos seus dous representantes, a información da que se lles fai entrega é entregada ó seu grupo municipal. Iso non supón unha limitación ao seu traballo, posto que a petición de información está sendo atendida.*

*1.5. Pola Alcaldía se ditou unha Resolución ordenando a forma con que se vai a exercer o dereito á información á que, como Concelleira/o, tense. Inclusive o lugar habilitado para dito exame.*

*A concelleira XXX respecta o día asignado pero excede do tempo habilitado, o cal pode obstaculizar as labores do persoal do Concello. E ven desatendendo a instrución dada por esta Alcaldía respecto á sala habilitada e reservada aos membros da Corporación para o exame da documentación, situándose nas oficinas de atención pública á veciñanza, lugar que non está habilitado para exame da documentación que se solicita.*

*2. Respecto á regulación do dereito de acceso dos membros da Corporación resulta interesante a lectura da Sentenza do TSJ Aragón de 30 de outubro de 2003, onde sinala que non existe norma que consagre o dereito dos/as concelleiros/as a obter de modo indiscriminado copias lexitimados ou fotocopias dos documentos que integran expedientes completos a cuxo exame teñen dereito, de forma que as condicións impostas ao/á concelleiro/a recorrente no suposto analizado por devandita sentenza, para o exame da documentación interesada axústanse ao previsto nos artigos 14 a 16 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en tanto que non limita o seu acceso senón a mínimas esixencias de orde e organización da oficina municipal, propias de calquera ente público que ten un horario de atención ao público ao que o persoal ao seu servizo debe cingirse, motivo polo cal é conveniente a fixación previa de citas ao efecto de examinar a documentación das oficinas do Concello.*

*Así, o dereito de acceso se debe modular de acordo coas posibilidades de funcionamento normal do Concello, xa que o dereito ao exame de documentación e obtención de copias non pode nin debe obstaculizar a actividade da Administración, por iso debe aplicarse con criterios de racionalidade e proporcionalidade co fin de evitar a paralización da actividade municipal.”*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. Tal e como figura no encabezamento e como se reflicte nos antecedentes desta Resolución, o escrito de queixa presentado nesta institución trae causa das dificultades de acceso á información contida en distintos expedientes municipais por parte da señora XXX e do señor XXX, ambos cargos electos do concello de Campo Lameiro.

Como se subliñou anteriormente, con data 2 de novembro de 2021 rexistrouse escrito de queixa por parte das mesmas persoas sinalando que non podían acceder aos expedientes que tiñan solicitado dado que por parte desa Alcaldía decidírase cambiar o horario de consulta de ditos expedientes, horario que inicialmente era os venres de 13 a 14.30 e que tiña mudado para os luns de 9 a 10. Sinalaban no seu escrito de queixa que o horario actual nas mañás de luns entraba en conflito co horario laboral de ambos concelleiros, dificultando o acceso á información á que tiñan dereito.

A resultas de dita queixa emitiuse resolución por parte desta institución, con data 25/11/2022 co texto transcrito anteriormente. En cumprimento do disposto no artigo 32.2 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, o concello deu resposta a dita resolución sinalando as medidas que se tiñan tomado para dar acceso á información aos concelleiros reclamantes e que, no pendente, “tomaban nota do contido da recomendación”.

Con posterioridade presentouse, por parte das persoas que impulsaran as queixas anteriores, novo escrito que deu lugar ao expediente actual, indicando que non se modificara o horario para a consulta dos expedientes por parte dos concelleiros da oposición, que o dito horario seguía sendo os luns de 9 a 10 o que lle impedía ao concelleiro, XXX, achegarse ao concello por motivos laborais.

SEGUNDA. Argumenta o concello, no seu informe, que a concelleira XXX si está facendo uso do horario disposto para a consulta de expedientes e que, dado que ambos concelleiros pertencen ao mesmo grupo municipal, non poden obxectar que non reciben dita información. Porén, neste extremo cómpre lembrar que, desde as históricas sentenzas do Tribunal Constitucional no ano 1983, a acta de concelleiro perténcelle á persoa e non ao partido político en cuxas listas foi elixido nin ao grupo municipal. Xa que logo, os seus dereitos como cargo electo non poden ser substituídos polos que se outorgan a outra persoa electa, aínda que o sexa da mesma formación política.

Neste sentido, o Alto Tribunal no Fundamento Segundo da Sentencia número 10/1983, do 21 de febreiro, Recurso de amparo número 144/1982 indicaba: “(..) *El derecho que la*

*Constitución (artículo 23.1) garantiza a todos los ciudadanos el derecho a participar en los asuntos públicos mediante representantes libremente elegidos, es un derecho que corresponde a cada ciudadano y que puede ser vulnerado por actos que solo afecten a cada uno de éstos en particular.(..)*. E no seu Fundamento Terceiro insistía: “(..) *De acuerdo con la Constitución (artículos 6, 23, 68, 69, 70 y 140) es inequívoco, sin embargo, que la elección de los ciudadanos solo puede recaer sobre personas determinadas y no sobre los partidos o asociaciones que los proponen al electorado (..)*”.

Polo tanto, XXX é concelleiro por resultar elixido pola veciñanza de Campo Lameiro e o seu dereito de acceso á información non pode substituírse polo dereito da señora XXX. A maiores, volvendo á literalidade da Sentenza anterior, no seu Fundamento Cuarto lembra: “(..) *Una vez elegidos, los representantes no lo son de quienes los votaron, sino de todo el cuerpo electoral (..)*”. O que resulta relevante á hora de levar a cabo a súa tarefa de representación e de exercer os seus dereitos.

TERCEIRA. O artigo 23 da Constitución española recoñece como dereito fundamental da cidadanía o de participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal así como o dereito para acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis, mantendo a relación entre o dereito de participación política dos cargos públicos representativos e o dereito da cidadanía de participar nos asuntos públicos. Así, segundo as propias sentenzas do TC, serían fundamentalmente os representantes políticos da cidadanía quen dan efectividade ao seu dereito para participar nos asuntos públicos.

Tal e como se dispón no artigo 77 da LRBRL, “*Todos os membros das Corporacións locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da Comisión de Goberno cuantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función (..)*” e xa na Sentenza do Tribunal Supremo do 19 de xullo de 1989 afirmaba que o dereito regulado no artigo 23 da C.E. anteriormente citado “*implica, á súa vez, con relación aos asuntos públicos municipais que os concelleiros teñan acceso á documentación e datos de que dispoña a corporación á que pertencen (..)*” de tal maneira que o dereito de acceso á información constitúe un medio esencial para o exercicio de funcións públicas polos representantes políticos aínda que para a súa delimitación e exercicio haxa que ter en conta as normas que o regulan que, no caso do eido local, atópase nos artigos 14, 15 e 16 do ROF.

CUARTA. Argumenta o informe municipal, ao abeiro do ditado nunha Sentenza do TSJ de Aragón do ano 2003, que “(..) *o dereito de acceso se debe modular de acordo coas posibilidades de funcionamento normal do Concello, xa que o dereito ao exame de documentación e obtención de copias non pode nin debe obstaculizar a actividade da*

*Administración, por iso debe aplicarse con criterios de racionalidade e proporcionalidade co fin de evitar a paralización da actividade municipal.*” Tal e como se ve, neste caso, os expedientes póñense a disposición dos concelleiros e concelleiras unha hora, un día por semana. A solicitude dos reclamantes non é outra que modificar o horario para facer posible a conciliación do mesmo co horario laboral dun dos concelleiros, sen pedir nin máis tempo, nin máis copias nin máis días.

En relación ao posible abuso por parte dos cargos electos na solicitude de información, xa a Sentenza do Tribunal Supremo do 28 de maio de 1997 sinalaba que *“(..) debe a corporación acreditar que a finalidade da solicitude é exclusivamente a de obstruír o normal funcionamento da Administración, en abuso de dereito, pero ese abuso non se deduce implicitamente, por exemplo, do volume da documentación cuxo acceso se pide (..)”*. Nesa liña, a Sentenza do TSJ Castela e León do 21 de xuño de 2018 afirmaba que en caso de dúbida *“a decisión municipal debe inclinarse pola de proporcionar sempre acceso a toda a documentación que se reclame, salvo supostos excepcionais, e que nin sequera se a oposición realiza unha «batería de solicitudes sucesivas» pode denegarse o acceso (..)”* e mesmo suxería que se a entrega de copias dunha documentación voluminosa supoñía un esforzo para o persoal municipal, isto podía salvarse dando acceso á documentación aínda que fora sen achegar copias.

Continuando coa xurisprudencia, a Sentenza do TSJ Andalucía do 30 de setembro de 2010 sinalaba que no desenvolvemento dun dereito fundamental como o do acceso á información *“só pode ser o abuso desa facultade de fiscalización”* abuso que, como vimos, ten que ser demostrado pola corporación e non só sinalando o volume de documentación solicitado. A maior abundamento, o propio Tribunal Supremo tiña indicado que a lexislación non esixe que os concelleiros e concelleiras solicitantes dunha información teñan que fundamentar a finalidade das súas peticións senón simplemente solicitalas porque se da por feito que están cumprindo unha obriga e exercendo un dereito ao mesmo tempo: o de fiscalizar a labor do goberno.

Finalmente, pola súa relevancia cómpre traer a Sentenza do Tribunal Supremo do 10 de febreiro de 2022 na que se reitera que, tal e como xa se ditaminara no 1998, *“(..) esa participación efectiva en la actuación pública se manifiesta en una amplia gama de asuntos concretos entre los que cabe destacar el derecho de fiscalización de la actuaciones municipales y al control, análisis, estudio e información de los antecedentes necesarios, obrantes en los servicios municipales, tanto para esa labor de control como para documentarse con vista a decisiones a adoptar en el futuro”*. E, polo tanto, rexeita esta Sentenza que o dereito de acceso á información poida quedar condicionado a que os datos que se pretenden obter teñan que estar relacionados cos que van ser tratados nas sesións do Pleno. É dicir, o dereito á

información forma parte intrínseca do cargo representativo que se ostenta e non pode ser limitado salvo excepcións que deben ser demostradas pola propia corporación.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

**O dereito ao acceso á información por parte dos concelleiros e concelleiras forma parte do dereito consagrado no artigo 23 da Constitución Española e só pode ser limitado cando se demostre un abuso por parte dos cargos electos ou a vontade manifesta de paralizar ou entorpecer a labor administrativa do concello.**

E a seguinte **recomendación**:

**Atender a solicitude do concelleiro e a concelleira reclamantes no sentido de facilitar o acceso aos expedientes municipais nun horario compatible co horario laboral de ditos concelleiros sen entorpecer as tarefas administrativas municipais**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.



María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo